

A obra clave do pensamento galeguista, «Sempre en Galiza» de Castelao, abre a Biblioteca Galega 120 de La Voz compartindo o lanzamento con «Follas Novas» de Rosalía na entrega do



vindeiro domingo. Os ensaios que o gran rianxeiro reuniu en «Sempre en Galiza» ofrécese sen censura ningunha, en dous volumes coidadosamente editados e a un prezo que os pon á man de todos.

Ningún outro nacionalismo peninsular conta cun texto semellante ó que nos legou Castelao

## «Sempre en Galiza» sintetiza o pensamento galego dende o século XIX

JUSTO BERAMENDI

*Sempre en Galiza* é un libro insólito. Non hai nos demais nacionalismos peninsulares un texto comparable a este nin polos seus contidos nin pola súa influencia nacionalizadora e política. Artículanse nel as ideas básicas dun século de evolución do pensamento galeguista, dende as primeiras formulacións dos provincialistas (anos corenta do XIX) ata o discurso nacionalista dos vinte e trinta do século XX elaborado polos Villar Ponte, Peña Novo, Risco ou Bóveda, pasando polas teses das grandes figuras do rexionalismo como Murguía e Brañas. Esta síntese constitúe un legado fundamental que, como unha ponte sobre a longa noite do franquismo, se proxecta no futuro para inspirar o rexurdir do nacionalismo a partir dos sesenta. E aínda hoxe, se ben perderon vixencia as análises máis dependentes dunha situación socioeconómica irreversiblemente ida, outras teses conservan, para sectores crecentes da sociedade galega, a forza fundamentadora e mobilizadora que sempre tiveron. Eso explica o aparente paradoxo de que nos últimos lustros Castelao sexa invocado arreo mesmo por quen seguen a opoñerse teimudamente ás consecuencias maiores do seu proxecto para Galicia e España. Non temos aquí espazo para caracterizar a arquitectura do texto nin a rica complexidade das súas análises e propostas, algo que por outra parte está feito en numerosos ensaios e traballos académicos. Mais si os seus tres grandes fíos conductores. O primeiro é a afirmación de Galicia como nación que se foi xestando nun longo proceso histórico do que o resultado foi un pobo de caracteres etnoculturais únicos que, como tal, ten dereito á liberdade nacional e ó autogoberno. O segundo é o desexo de prosperidade económica, regaleguización cultural e auténtica democracia política para ese pobo. O terceiro é a superación do Estado español centralista e a súa substitución por unha nova «Hespaña» baseada na libre federación das nacións que, ó seu xuízo, a forman.

JUSTO G. BERAMENDI, catedrático de Historia da Universidade de Santiago



Óleo de Castelao no que aborda un dos seus temas máis queridos, o dos emigrantes

XURXO LOBATO

### A SALIENTAR



#### ► Pensamento galeguista.

O máis coñecido dos ensaios galegos sintetiza o pensamento galeguista dende os seus primeiros ideólogos a mediados do século XIX ata o momento de se publicar en Bos Aires no ano 1944.

► **Ensaaios.** É unha colección de ensaios integrada por un «Adro» e tres libros.

#### ► Libro perseguido.

«Sempre en Galiza» naceu no exilio e só chegaron a España algúns exemplares pero de xeito totalmente clandestino. Mesmo a edición que fixo Akal no ano 1976 saíu aínda censurada.

### LECTURAS CUALIFICADAS

## LOITAR E CREAR

MARÍA XOSÉ AGRA ROMERO

Ben é certo que *Sempre en Galiza* para moitos e moitas da miña xeración foi un texto lido, nun primeiro achegamento, dende a perspectiva do interese pola memoria histórica, do acontecido no pasado inmediato, e da acción política, é dicir, coma texto de combate.

Polo tanto, un *Sempre en Galiza* lido dende a tensión da acción, nun momento caracterizado polas inxerencias e os cambios sociais e políticos, que semellaba próximo ao que o propio Rodríguez Castelao salienta no Adro da súa obra cando, fronte aos intelectuais que pasan a vida a darlle voltas aos problemas, di que hai que loitar e crear, e bota en falla aos homes de acción.

#### Para pensar

Agora ben, trátase dun clásico do pensamento político de Galiza e neste senso a súa lectura dá que pensar máis alá ou ao mesmo tempo que se recoñeza o seu valor como obra fundamental do nacio-

nalismo galego.

Eu destacaríaa dende a miña perspectiva de lectora de comezos deste novo milenio —lóxicamente sen meñoscabo doutros temas importantes e dados os tempos que corren—, a vixencia e capacidade de Castelao para transmitir o pensamento dun refuxiado político.

#### Sen carta de cidadanía

En *Sempre en Galiza*, Castelao fainos partícipes dos pensamentos profundos de alguén a quen se lle nega a carta de cidadanía; fornécenos da base para comprendermos a figura do exiliado político que, malia a nostalgia, exerce a crítica social e política, que fai que entendamos tamén outra clase de exilio social, peor se cabe que o que nos alonxa da terra: o desterro no propio país cando se carece de liberdade e xustiza.

M. XOSÉ AGRA ROMERO, profesora de Filosofía Moral e Política da U.S.C.

## DO MEDO Á ADMIRACIÓN

XAVIER BALTAR TOXO

É emotivo que *La Voz de Galicia* edite a Biblioteca Galega 120, achegando ao gran público obras básicas galegas, incluído o *Sempre en Galiza*.

Volvo a cara atrás. Nos anos 1950-1960 o *Sempre en Galiza* viña clandestinamente de Bos Aires. Os meus compañeiros adolescentes non sabían nada de Castelao. Na Universidade a situación era parecida: agás algúns iniciados, o nome do que fora o máis popular dos galegos, nin se coñecía.

A min sorprendíame pois eu vivía impregnado de Castelao dende a infancia, nunha relación de familias que viña de antes de que Castelao fose un recoñecido perseguido. Don Ramón Toxo, casado con Tana Baltar, era o xefe político de don Mariano, o pai de Castelao, e meu avó Ánxel Baltar o seu máis grande amigo. Ramón Rey Baltar colaborou con Castelao nos seus primeiros lances políticos no *Barbeiro Municipal*, revista satírica

que se editaba en Rianxo, e así deseguido a relación continuada das familias tanto aquí como no exilio.

Recordo vivo da infancia era aquela casa de Rianxo chea de dor e medo, sempre coas contras entornadas, as irmás Xosefina e Teresa falando baixiño de Daniel. Alí meus irmáns e eu admirabamos os cadros, debuxos e libros do grande ausente. O trato era tan familiar que tardei anos en descubrir que non eran nosas tías.

Aquel tráxico período de silencio, dor e medo, deviu por fortuna nun total recoñecemento desta máxima figura que resplandece por riba de todos. E a aqueles que trataron, e por algúns anos conseguiron, eliminalo e silencialo, o tempo púxoos no seu sitio: o pozo da nada. Mentres, a figura de Castelao volve obter admiración, respecto e popularidade crecentes.

XAVIER BALTAR TOXO, membro da Fundación Castelao